



**IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

<b>Materia</b>	LINGUA E LITERATURA GALEGA	<b>Nivel</b>	4º ESO
<b>Profesor/a</b>	HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ / IOLANDA VILA LAGE	<b>Curso</b>	2021-2022

**OBXECTIVOS e CONTIDOS**

	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS*</b>
<b>1ª AVA</b>	a) Identificar as ideas principais dun texto n elaborar resumos, esquemas... b) Expresarse oralmente con corrección. c) Recoñecer a diferente tipoloxía textual e cr diferentes, centrándose nos d) textos biográficos e autobiográficos e) Construír campos semánticos e léxicas,diferenciando palabras patrimoniais, cultas e semicultas. f) Diferenciar e identificar as categorías gramaticais g) Diferenciar sílabas, ditongo, tritongo e hiato. C regras de acentuación h) Valorar a importancia das Irmandades da F movemento agrario i) Identificar os elementos temáticos e estruturais pr obra de Ramón Cabanilla j) Coñecer o labor realizado polos membros da Xer e polas vangardas. k) Coñecer a literatura galega no exilio: Poesía, r teatro. l) Valorar o galego como lingua propia de Galicia, a diversidade lingüística da península, e coñecer a situación lexislativa atopa as linguas. m) Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación .	1. Lingua e texto: Adecuación, Coherencia, Cohesión 2. Léxico: Polisemia e homonimia. Sinonimia e Antonimia. Hiperonimia, hiponimia e cohiponimia. 3. Gramática: Comunicación, lingua e disciplinas lingüísticas. Substantivo / Adxectivo. Pronome persoal / Artigo / Demostrativo / Posesivo .Identficator / Cuantificador / Numeral / Relativo / Interrogativo e exclamativo 4. Ortografía: Acentuación e Puntuación 5. Lingua e sociedade: Plurilingüismo. Diversidade lingüística na Península Ibérica. O galego e a lusofonía. A lingua galega nas leis. 6. Literatura:A literatura galega desde comezos do século XX ata 1936
	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>

**2ª AVA**

- a) Profundar nos diferentes tipos de texto que se usan como modelo para a creación de producións propias.
- b) Comprender e utilizar os mecanismos de composición, siglas...
- c) Recoñecer as formas verbais nun texto e coñecer a conxugación. Recoñecer tamén os adverbios, preposicións e conxuncións.
- d) Identificar as diferentes funcións sintácticas e analizar diferentes tipos de frase.
- e) Identificar a situación de linguas en contacto: bilingüismo, diglosia, así como o proceso de normalización e normativización da lingua galega.
- f) Coñecer e rexeitar os prexuízos lingüísticos.
- g) Coñecer o contexto social, cultural e lingüístico da lingua galega posguerra.
- h) Comprender os intentos de activación da vida cultural galega tras a guerra civil por parte da editorial Galaxia e polos núcleos culturais posguerra.
- i) Comprender os textos máis representativos de Cunqueiro e valorar a importancia cultural que tivo a obra de Ánxel Fole.
- j) Coñecer os cambios que se deron no contexto cultural na Galiza de 1960 ao 1975.
- k) Coñecer os principais aspectos literarios de Celedonio Ferreiro, da Nova Narrativa Galega, de Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares e Mª Xosé Queizán.

1. Lingua e texto: Estruturas dialogada e monologada. Estrutura narrativa. Estrutura descritiva. Estrutura persuasivo-argumentativa
2. Léxico: Holonimia e metonimia. Abreviación, abreviatura e símbolo. Composición. Derivación
3. Gramática: Verbo. Adverbio. Preposición. Conxunción. Sintaxe
4. Ortografía: Uso das vogais e de b/v. Uso de h e de s/x. Uso das consoantes. Grupos consonánticos
5. Lingua e sociedade: Situación sociolingüística do idioma galego. Conflito lingüístico e diglosia. Planificación lingüística. Preconceptos lingüísticos e Variedades lingüísticas
6. Literatura: A literatura galega desde 1936 até o 1975

**OBXECTIVOS**

**CONTIDOS**

**3ª AVA**

- a) Identificar os préstamos, as onomatopeas, as palabras eufemismos.
- b) Identificar os cultismos e latinismos, como proceden e formación de palabras.
- c) Identificar palabras homónimas e parónimas.
- d) Recoñecer e sabe empregar as diferentes variedades lingüísticas.
- e) Coñecer e identificar e analizar as cláusulas complexas, as oracións coordinadas e as bipolares, así como as estruturas substantivas, adxectivas e adverbiais.
- f) Posuír unha perspectiva xeral da historia da lingua galega desde os comezos do XX ata a guerra civil. Analizar os cambios sociais que se produciron no panorama social e cultural galego durante a época dos anos 60.
- g) Coñecer e analizar os cambios sociais que se produciron en España e en Galicia desde o 1975 ata a actualidade.
- h) Analizar o novo estatus legal acadado pola lingua galega e coñecer as consecuencias que tivo para a nosa literatura.
- i) Recoñecer as principais liñas e autores que salientaron na literatura dos anos 80.
- j) Analizar os factores que permitiron a consolidación da literatura infantil e xuvenil.
- k) Analizar a importancia do auxe da produción dramática en Galicia.

1. Lingua e texto: Estrutura persuasivo-argumentativa. Estrutura expositivo-explicativa e estrutura obrigativo-instrucional.
2. Léxico: Neocomposición. Sigla, acrónimo e amálgama. Estranxeirismo, cultismo e latinismo. Onomatopea, palabra tabú e eufemismo.
3. Gramática: Sintaxe .
4. Ortografía: Grupos consonánticos
5. Lingua e sociedade: Variedades lingüísticas . Historia da lingua galega (I): a lingua galega de 1916 a 1936. Historia da lingua galega (II): a lingua galega de 1936 a 1975. Historia da lingua galega (III): a lingua galega de 1975 á actualidade.
6. Literatura: A literatura galega desde o 1975 até actualidade

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES**

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

**MÍNIMOS ESIXIBLES**

<p><b>1ª AV A</b></p>	<p>a) Identifica as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas... tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada.</p> <p>b) Pode expresarse oralmente con corrección.</p> <p>c) Recoñece a diferente tipoloxía textual e pode crear textos diferentes, centrándose nos textos biográficos e autobiográficos</p> <p>d) Constrúe campos semánticos e familias léxicas,</p> <p>e) Diferencia as categorías gramaticais.:Substantivo (xénero e número), adxectivo, determinantes e pronomes.</p> <p>f) Diferencia as sílabas, ditongo, tritongo e hiato. Coñece e aplica as regras de acentuación así como o uso de maiúsculas e minúsculas.</p> <p>g) Valora a importancia das Irmandades da Fala e do movemento agrario na historia de Galicia.</p> <p>h) Identifica os elementos temáticos e estruturais presentes na obra de Ramón Cabanillas. A Xeración Nós. As Vangardas e a literatura galega no exilio.</p> <p>i) Valora o galego como lingua propia de Galicia.</p> <p>j) Respecta a diversidade lingüística da península, e coñece a situación lexislativa na que se atopa as linguas.</p> <p>k) Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación .</p>	<p>- Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral</p> <p>- Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>- Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.</p> <p>- Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).</p> <p>- Recoñece e usa correctamente substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes.</p> <p>-Coñece e aplica as regras de acentuación.</p> <p>- Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo .</p> <p>- Valora o plurilingüismo como riqueza cultural da humanidade .</p> <p>- Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística</p> <p>- Coñece os autores das Irmandades da Fala e de Nós así como as características das súas obras.</p>	<p>-Escribir con corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>-Expresarse oralmente con corrección ortográfica e léxica</p> <p>-Recoñecer as categorías gramaticais.</p> <p>-Recoñecer os os ditongos, tritongos e hiatos e emprega correctamente as regras de acentuación.</p> <p>-Coñecer as etapas e autores destacados da literatura galega desde comezos do XX ata o 1936.</p> <p>-Coñecer e respectar a diversidade lingüística da península, e a situación lexislativa na que se atopan as diferentes linguas.</p>
<p><b>2ª AV A</b></p>	<p>a) Profundiza nos diferentes tipos de texto que servirán de modelo para a creación de producións propias.</p> <p>b) Comprende e utiliza os mecanismos de derivación, composición, siglas acrónimos, abreviaturas e símbolo.</p> <p>c) Recoñece as formas verbais nun texto e coñece a súa conxugación.</p> <p>d) Recoñece e identifica os adverbios, preposicións e conxuncións.</p> <p>e) Coñece e identifica as diferentes funcións sintácticas e analiza e identifica os diferentes tipos de frase.</p> <p>f) Identifica a situación de linguas en contacto: bilingüismo e diglosia, así como o proceso de normalización e normativización da lingua galega</p> <p>g) Coñece e rexeita os prexuízos lingüísticos.</p> <p>h) Coñece o contexto social, cultural e lingüístico dos anos de posguerra e analiza as consecuencias que a represión tivo para a cultura galega.</p> <p>i) Le os textos máis representativos de Cunqueiro e valora a importancia cultural que tivo a obra de Ánxel Fole</p> <p>j) Coñece os cambios que se deron no contexto social e cultural na Galiza de 1960 ao 1975 e analiza as circunstancias en que os escritores galegos tiveron que desenvolver o seu labor.</p> <p>k) Coñece os principais aspectos literarios de Celso Emilio Ferreiro, e da Nova Narrativa Galega.</p> <p>l) Coñece os trazos fundamentais que caracterizan a obra narrativa de Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares e Mª Xosé Queizán.</p>	<p>- Produce textos orais, con coherencia, cohesión e corrección, usando o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>-Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas .</p> <p>-Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos ou gramaticais.</p> <p>- Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos</p> <p>- Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.</p> <p>- Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.</p> <p>- Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.</p> <p>-Coñece os principais autores e obras destacados na literatura galega desde o 1936-1975.</p>	<p>-Crear textos de diferente tipoloxía.</p> <p>-Expresarse oralmente con corrección ortográfica e léxica</p> <p>-Saber utilizar a derivación e composición para crear palabras.</p> <p>-Recoñecer os os verbos, adverbios, preposicións e conxuncións nun texto.</p> <p>-Coñecer as etapas e autores destacados da literatura galega desde o 1936 ata o 1975.</p> <p>-Analizar diferentes tipos de frases.</p> <p>-Coñecer e diferenciar o bilingüismo e a diglosia; a normalización e a normativización; así como os prexuízos lingüísticos.</p> <p>-Coñecer a historia da lingua galega ao longo do século XX.</p>

3ª AV A	<p>a) Pode elaborar e analizar diferentes tipos de textos.</p> <p>b) Identifica os préstamos e estranxeirismos</p> <p>c) Recoñece as onomatopeas, as palabras tabú e os eufemismos.</p> <p>d) Identifica cultismos e latinismos, como procedm. de formación de palabras.</p> <p>e) Recoñece e sabe empregar as diferentes variedades lingüísticas:</p> <p>f) Coñece e identifica e analiza as cláusulas simples e complexas, as oracións Coordinadas e as bipolares. Subordinadas subst, adxect e advert</p> <p>g) Posúe unha perspectiva xeral da hª da l. galega desde comezos do XX ata a guerra civil. Analiza os cambios sociais do panorama social e cultural galego durante a época dos anos 60.</p> <p>h) Coñece e analiza os cambios sociais que se produciron en España e en Galicia desde o 1975 ata a actualidade.</p> <p>i) Analiza o novo estatus legal acadado pola lingua galega e coñece as consecuencias que tivo para a nosa literatura.</p> <p>j) Recoñece as liñas e autores que salientan na poesía dos anos 80.</p> <p>k) Analiza os factores que permitiron a consolidación da literatura infantil e xuvenil e valora a importancia que supón a existencia de libros escritos en lingua galega neste campo.</p> <p>l) Analiza a importancia do auxe da produción dramática en Galicia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplica as normas de cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</li> <li>- Usa as TIC para a corrección dos textos.</li> <li>- Clasifica oracións segundo a natureza do predicado, usando a terminoloxía correcta.</li> <li>- Recoñece e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos.</li> <li>- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916</li> <li>- Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.</li> <li>- Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social do galego desde 1916.</li> <li>- Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega, así como os trazos da variedade estándar.</li> <li>- Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas.</li> <li>-Recoñece as liñas e os autores desde o 75 ata hoxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Analizar diferentes tipos de textos.</li> <li>-Identificar os préstamos, as palabras tabú e os eufemismos, así como os cultismos e latinismos.</li> <li>-Saber utilizar as diferentes variedades lingüísticas.</li> <li>- Analizar oracións simples e complexas: coordinadas, subordinadas, bipolares.</li> <li>-Coñecer as liñas e autores destacados da literatura galega (poesía, narrativa e teatro) desde os anos 80 ata a actualidade.</li> <li>- Coñecer e analizar os cambios que se produciron en España e en Galiza desde o 1975 ata a actualidade.</li> </ul>
---------	--	--	--

### CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas obxectivas escritas (exame da parte teórico-gramatical)	70%
Lectura obrigatoria	20%
Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude*	10%

\*Aínda que a valoración da actitude do alumno ten unha compoñente subxectiva alta, imos tratar de medila dun xeito o máis obxectivo posible. Neste apartado, e en función das notas tomadas polo profesor/a da materia, este valorará, como mínimo, o traballo realizado polos alumnos na aula e no traballo que o profesor indica que debe realizarse na casa (tamén se pode valorar, a criterio do profesor, a orde e pulcritude do caderno da materia e calquera outro ítem capaz de ser valorado dun xeito minimamente obxectivo). O/A profesor/a da materia informará aos seus alumnos ao comezar o curso.

### PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

En cada unha das avaliacións realizaranse, cando menos, dúas probas obxectivas escritas sobre os contidos sinalados, que se repartirán do seguinte xeito:

1ª av - 1ª proba: finais de outubro, comezos de novembro; 2ª proba: antes das vacacións de Nadal.

2ª av - 1ª proba: finais de febreiro, comezos de marzo; 2ª proba: antes das vacacións de Semana Santa.

3ª av - 1ª proba: finais de abril, comezos de maio; 2ª proba: antes das vacacións de verán.

A nota das probas obxectivas valerá 7 puntos, e os outros 2 acadaranse coa proba oral dun libro de lectura obrigatoria por cada avaliación, onde se valorará a expresión oral e a capacidade de comprensión e síntese da lectura acordada. O 1 restante do total terá que ver coa valoración recollida en *Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude\**, vista nos instrumentos de avaliación.

Despois de cada una das avaliacións haberá una proba escrita para que aqueles alumnos que non acadasen una avaliación positiva poidan recuperala.